



Reformas do Traballo Autónomo no RÉXIME DO MAR



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



Medidas aplicables a todos los trabajadores autónomos 02

Pago por días reais de alta 03

Límites ao número de altas e baixas no ano 04

Modificación do prazo para solicitar o alta 04

Obrigatoriedade de domiciliación do pago das cotas 04

Recargas por atrasos no pago da cota de autónomos 05

Recoñecemento do accidente de traballo “in itinere” 05

Compatibilización pensión / traballo autónomo 05

Medidas aplicables soamente aos traballadores autónomos incluídos no grupo primeiro de cotización 06

Catro prazos para os cambios de bases de cotización 06

Devolucións por exceso de cotización en pluriactividade 06


Nova fórmula de cálculo das prestacións de maternidade e paternidade 07

Incentivos en materia de Seguridade Social 08

LEI 6/2017, DO 24 DE OUTUBRO, DE REFORMAS
URXENTES DO TRABALLO AUTÓNOMO, PUBLICADA O
25 DE OUTUBRO DE 2017 NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO
(BOE). ALGUNHAS MEDIDAS PUXÉRONSE EN MARCHA AO
DÍA SEGUINTE DA SÚA PUBLICACIÓN NO BOE; OUTRAS DAS
MEDIDAS MÁIS SIGNIFICATIVAS NON ENTRAN EN VIGOR ATA
XANEIRO OU MARZO DE 2018.

MEDIDAS APLICABLES A TÓDOS LOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

A reforma propón cambios importantes encamiñados a adecuar o sistema de cotización aos ingresos reais dos autónomos, en concreto trátase das seguintes medidas que entraron en vigor en xaneiro de 2018:



Pago por días reais de alta

En lugar de pagar a cota de autónomos por meses completos como ata agora, só cotizarán desde o día efectivo en que se dean de alta e ata o día en que se dean de baixa nas tres primeiras ocasións ao longo do ano que cursen alta/baixa no Réxime especial.

Nestos supostos, o pago estará referido á fracción de cuota mensual que corresponda aos días en alta. A tal efecto, a cota fixa mensual dividirase por 30.

Se se pagou todo o mes e a baixa produciuse antes, practicarase a devolución de oficio no prazo dos dous meses seguintes a aquel en que se efectuou o ingreso.



Límites ao número de altas e baixas no ano

Os autónomos poderán, dentro de cada ano natural, darse ata tres veces de alta e de baixa, realizando o pago proporcional á cota desde a data de alta ou ata a data de baixa sen contar a mensualidade completa. A partir da cuarta alta ou da cuarta baixa á Seguridade Social os efectos serán, respectivamente, do primeiro día do mes natural do inicio ou do último día do mes natural do cese da actividade.

Modificación do prazo para solicitar o alta

Suprímese o prazo de 30 días naturais seguintes ao comezo da actividade e establécese a obrigatoriedade de solicitar o alta con carácter previo ao comezo da actividade.

Obrigatoriedade de domiciliación do pago das cotas

Realizarase mediante o sistema de domiciliación en conta, aberta nunha entidade financeira autorizada para actuar como oficina recadadora da seguridade social.

A modificación da conta en que estea domiciliado o pago das cotas terá efectos o mesmo mes en que se comunique, de formularse a comunicación entre os días 1 e 10 de cada mes e a partir do mes seguinte a aquel en que se comunique, de formularse a comunicación entre os días 11 último de cada mes.



Recargas por atrasos no pago da cota de autónomos

As penalizacións por atrasos no pago da cota á Seguridade Social, que supoñían unha recarga do 20%, redúcense a unha recarga do 10% se se paga a débeda dentro do primeiro mes natural seguinte ao do vencimiento do prazo de ingreso.

Recoñecemento do accidente de traballo “in itinere”

Considerándose como tal o que se produza ao ir ou ao volver do lugar da prestación da actividade económica ou profesional, entendendo como lugar da prestación o establecemento en que o traballador autónomo habitualmente exerza a súa actividade sempre que non coincida co seu domicilio e se corresponda co local, nave ou oficina declarado como afecto á actividade económica a efectos fiscais.

Compatibilización pensión/traballo autónomo

A partir do 26 de outubro de 2017, o xubilado que realice unha actividade por conta propia, sempre que acredite ter contratado un traballador, poderá percibir o 100% da pensión. Ata o momento, os autónomos nesta situación só percibían o 50% da prestación.



MEDIDAS APLICABLES SOAMENTE AOS TRABAJADORES AUTÓNOMOS INCLUÍDOS NO GRUPO PRIMEIRO DE COTIZACIÓN

Catro prazos para os cambios de base de cotización

Amplíase de dous a catro os posibles cambios anuais de base de cotización, cos seguintes efectos:

- ▶ A partir do 1 de abril para as solicitudes realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo.
- ▶ A partir do 1 de xullo para as solicitudes realizadas entre o 1 de abril e o 31 de xuño.
- ▶ A partir do 1 de outubro para as solicitudes realizadas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.
- ▶ A partir do 1 de xaneiro para o ano seguinte para as solicitudes realizadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro.

Devolucións por exceso de cotización en pluriactividade

Ata agora os autónomos en situación de pluriactividade podían reclamar o seu dereito á devolución do 50% do exceso en que as súas cotizacións superaban a contía que se establecía na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio, co tope do 50% das cotas ingresadas no Réxime Especial. A reforma, que entrou en vigor o 26 de outubro de 2017, contempla a devolución sen solicitude expresa por parte do interesado realizándose de oficio antes do 1 de maio do exercicio seguinte.

Os autónomos que causen alta inicial no Réxime e que con motivo da mesma inicien unha situación de pluriactividade poden elixir como base de cotización:

- ▶ Durante os primeiros 18 meses a comprendida entre o 50% da base mínima e a base máxima.
- ▶ Durante os primeiros 18 meses a comprendida entre o 75% da base mínima e a base máxima.

Nova fórmula de cálculo das prestacións de maternidade e paternidade

A partir do 1 de marzo de 2018 o cálculo realízase tendo en conta as bases de cotización dos 6 meses anteriores ao nacemento, adopción ou acollemento familiar, en lugar de ter en conta a base do mes anterior.



**INCENTIVOS
EN MATERIA DE
SEGURIDADE SOCIAL**



**Traballadores por Conta Propia
do grupo primeiro do
Régime Especial do Mar**

Condições

Alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos 2 anos (ou 3, se gozasen do beneficio nun período anterior) inmediatamente anteriores a contar dende a data de alta no Réxime Especial

Incentivos

Calquera idade

Durante 12 meses:

Base mínima; 50€/mes

Base superior á mínima: Redución do 80%

Durante os 12 meses seguintes:

a) Redución do 50% durante os 6 meses seguintes

b) Redución do 30% durante os 3 meses seguintes

c) Bonificación do 30% durante os 3 meses seguintes

Duración: 24 meses | Vixencia: 01/01/2018

Incentivos

Homes menores de 30 anos e
mulleres menores de 35 anos

Durante outros 12 meses *:

Bonificación do 30%

Duración: 36 meses | Vixencia: 01/01/2018

(*) Incentivo adicional ao previsto para calquera idade

Incentivos

Discapacidade grao >33%,
víctimas de violencia de
xénero e de terrorismo

Durante 12 meses:

Base mínima; 50€/mes

Base superior á mínima; Redución do 80%

Durante os 48 meses seguintes:

Bonificación do 50% durante os 48 meses
seguintes

Duración: 5 anos | Vixencia: 01/01/2018

Condições

Familiares contratados polo traballador autónomo co carácter indefinido.

Incentivos

Cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive

Bonificación 100% da achega empresarial por continxencias comúns.

Requisitos:

- Non extinguir contratos de traballo nos 12 meses anteriores á contratación.
- Mantemento do nivel de emprego durante os 6 meses posteriores á contratación.

Duración: 12 meses | Vixencia: 26/10/2017



Condições

Mulleres reincorporadas nos 2 anos seguintes á data de cesamento por maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento e tutela.

Incentivos

Durante 12 meses:

Base mínima: 50€/mes

Base superior a la mínima; Bonificación del 80%

Duración: 12 meses | Vixencia: 26/10/2017

Condições

Conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación, nos seguintes supostos:

- Por coidado de menores de 12 anos que teñan ao seu cargo.
- Por ter ao seu cargo un familiar ata o segundo grao en situación de dependencia ou con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% ou unha discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Incentivos

Bonificación do 100% da cota por continxencia común que resulte de aplicar á base media do traballador dos 12 meses anteriores o tipo mínimo.

Duración: 12 meses | Vixencia: 26/10/2017

Condicións

Novas altas de familiares colaboradores de traballadores autónomos.

Alta inicial ou non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores á data de alta.

Incentivos

Bonificación sobre a cota que resulte aplicar sobre a base mínima o tipo que corresponda do:

- Bonificación do 50% durante os 18 primeiros meses.
- Bonificación do 25% durante os 6 meses seguintes.

Duración: 24 meses | Vixencia: 26/10/2017


Condicións

Traballadores durante o período de descanso por maternidade, paternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante embarazo ou risco durante a lactancia natural.

Incentivos

Bonificación do 100% da cuota de autónomos que resulte de aplicar a base media que tivera os 12 meses anteriores o tipo que corresponda.

Duración: Período de descanso | Vixencia: 26/10/2017





Edita e publica
Instituto Social da Mariña

Deseño
Durán+Fraile

NIPO Papel
273-18-019-6

NIPO Web
273-18-026-1

Depósito Legal
M-18863-2018

